



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

IX lexislatura
Número 682
27 de xullo de 2016

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.7. Reconversiones por finalización do período de sesións

1.4.7.3. Preguntas orais en Comisión reconvertidas en preguntas para resposta por escrito

Preguntas con resposta oral en Comisión convertidas en preguntas con resposta escrita por finalización do período de sesións [156851](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.7. Reconversiones por finalización do período de sesións

1.4.7.3. Preguntas orais en Comisión reconvertidas en preguntas para resposta por escrito

Por resolución da Presidencia, en aplicación do disposto no artigo 156.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, todas as preguntas con resposta oral publicadas e non tramitadas convértense automaticamente en preguntas con resposta escrita.

Neste suposto están as seguintes:

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

-09/POC-006608 (44988)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Gallego Calvar, María Carmen, Soneira Tajés, María Soledad, Méndez Romeu, José Luis e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 no referido á construción do novo edificio xudicial de Tui, á dispoñibilidade dos terreos necesarios e dun proxecto de obra para ese fin, así como as datas previstas para o seu inicio e remate

BOPG nº 578, do 29.12.2015

-09/POC-006660 (45355)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para recuperar a titularidade pública do illote de San Vicente, na ría de Ortigueira, así como do Pazo de Brandariz, en Santa Marta de Ortigueira

BOPG nº 586, do 21.01.2016

-09/POC-006673 (45437)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego co fin de incrementar o número de persoas refuxiadas acollidas en Galicia, e a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de acollemento

BOPG nº 586, do 21.01.2016

-09/POC-006702 (45501)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a realización por parte do Goberno galego dalgunha avaliación dos danos ocasionados en Galicia polos temporais en decembro de 2015 e xaneiro de 2016, os contactos mantidos cos concellos e sectores produtivos afectados e as medidas adoptadas ou previstas para paliar os seus efectos. (Procedemento de urxencia)

-09/POC-006718 (45553)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións governativas levadas a cabo, en relación coas persoas afectadas pola subscripción de participacións preferentes e obrigas subordinadas, pola súa intervención en protestas cidadás

BOPG nº 591, do 28.01.2016

-09/POC-006726 (45595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as actividades desenvolvidas por unha persoa investigada en relación co financiamento de cursos de formación. (Procedemento de urxencia)

-09/POC-006776 (45796)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Solla Fernández, Eva, Sánchez García, Antón, Vázquez Díaz, Ramón e Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego e as demandas que vai realizar ao Goberno central en materia de protección dos dereitos das persoas traballadoras migrantes e das súas familias

BOPG nº 591, do 28.01.2016

-09/POC-006777 (45802)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente, Acuña do Campo, María Carmen, Méndez Romeu, José Luis, Soneira Tajés, María Soledad e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as queixas formuladas respecto da resolución da Secretaría Xeral de Igualdade referida ás axudas ás ANPA dos centros educativos públicos e destinadas á realización de actividades extraescolares e complementarias para facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar

BOPG nº 591, do 28.01.2016

-09/POC-006778 (45808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela, Docasar Docasar, Ricardo Vicente e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas adoptadas ou previstas en relación coas dificultades existentes para a presentación, de xeito telemático, de solicitudes para a concesión das diversas subvencións convocadas no Diario Oficial de Galicia dos días 30 e 31 de decembro de 2015

BOPG nº 591, do 28.01.2016

-09/POC-006783 (45828)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Sánchez García, Antón, Vázquez Díaz, Ramón, Fajardo Recouso, Juan Manuel e Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora na incorporación da nova directora xeral de Inclusión Social ás súas tarefas

BOPG nº 595, do 04.02.2016

-09/POC-006823 (46033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as xestións realizadas e as actuacións previstas polo Goberno galego diante dos concellos de Guitiriz e da Fonsagrada en relación co mantemento do mesmo cadro de persoal e a reposición nos seus postos de traballo aos traballadores despedidos do Grupo de Emerxencias Supramunicipais

BOPG nº 595, do 04.02.2016

-09/POC-006829 (46130)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo en relación coa vertedura do Prestige e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

BOPG nº 595, do 04.02.2016

-09/POC-006831 (46156)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da decisión de ampliar por sesenta anos máis a prórroga da concesión de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

BOPG nº 595, do 04.02.2016

-09/POC-006832 (46157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na información á cidadanía respecto da reforma que estaba a elaborar da Lei de dereito civil de Galicia do ano 2006 e as modificacións que se introducían en relación coa repartición da herdanza e a lexítima

BOPG nº 595, do 04.02.2016

-09/POC-006836 (46179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Burgo López, María Concepción, Blanco Rodríguez, Noela, Soneira Tajés, María Soledad e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas recomendacións do Comité de Expertos para o seguimento da Carta europea das linguas rexionais ou Minoritarias en relación co uso da lingua galega no ámbito xudicial, así como as modificacións lexislativas que vai introducir para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais nela

BOPG nº 595, do 04.02.2016

-09/POC-006841 (46204)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, Ron Fernández, José Javier, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Solla Fernández, Eva, Sánchez García, Antón e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas manobras da OTAN levadas a cabo no Campamento Militar de Parga, no concello de Guitiriz
BOPG nº 595, do 04.02.2016

-09/POC-006846 (46233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto das intencións da Fiscalía Xeral do Estado de crear oficinas de atención ás vítimas en todas as oficinas fiscais provinciais e o modelo que defende o Goberno galego para Galicia

BOPG nº 595, do 04.02.2016

-09/POC-006848 (46242)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Gallego Calvar, María Carmen, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do reflectido na Memoria da Fiscalía de Galicia do ano 2014 en relación coas vantaxes da mediación no ámbito da xustiza xuvenil, así como da necesidade dun equipo dedicado á ese fin con carácter preferente ou exclusivo

BOPG nº 595, do 04.02.2016

-09/POC-006893 (46419)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as razóns do Concello da Fonsagrada para manter os despedimentos de traballadores do Grupo de Emerxencias Supramunicipal tras a renovación do convenio, así como as previsións do Goberno galego respecto da garantía do seu cumprimento creando unha estrutura profesionalizada e permanente

BOPG nº 599, do 11.02.2016

-09/POC-006908 (46468)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso dun proxecto de lei que regule a publicidade institucional e os criterios que está a aplicar para a concesión de subvencións aos medios de comunicación polo uso da lingua galega

BOPG nº 599, do 11.02.2016

-09/POC-006910 (46477)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Sánchez García, Antón, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Vázquez Díaz, Ramón e Solla Fernández, Eva

Sobre as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa deportación de persoas estranxeiras

BOPG nº 599, do 11.02.2016

-09/POC-006921 (46508)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Vázquez Díaz, Ramón, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Sánchez García, Antón, Fajardo Recouso, Juan Manuel e Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego ante o Goberno central para o desenvolvemento do Plan de acollemento e integración de persoas refuxiadas procedentes de Siria e doutros países en guerra e conflito, así como o número delas acollidas en Galicia

BOPG nº 599, do 11.02.2016

-09/POC-006928 (46545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa acreditación e formación profesional do persoal do dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais

BOPG nº 599, do 11.02.2016

-09/POC-006957 (46658)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da venda de armas e material bélico a un país denunciado por non respectar os dereitos humanos

BOPG nº 599, do 11.02.2016

-09/POC-006958 (46666)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Vázquez Díaz, Ramón, Sánchez García, Antón, Fajardo Recouso, Juan Manuel e Solla Fernández, Eva

Sobre as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aprobación do regulamento para o desenvolvemento da Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria

BOPG nº 599, do 11.02.2016

-09/POC-006977 (46742)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os datos referidos á oferta realizada pola Dirección Xeral de Xustiza aos diferentes xulgados de Vigo de usar o contrato existente entre o Goberno galego e o Colexio Oficial de Psicólogos e Psicólogas de Galicia para a emisión de informes, as razóns da elección desta alternativa no canto de contratar persoal de reforzo do equipo psicossocial do Imelga e as previsións ao respecto

BOPG nº 603, do 18.02.2016

-09/POC-006982 (46778)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, Ron Fernández, José Javier, Solla Fernández, Eva, Sánchez García, Antón, Vázquez Díaz, Ramón e Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da derogación da disposición adicional décima da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social
BOPG nº 603, do 18.02.2016

-09/POC-007014 (47090)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Sánchez García, Antón, Vázquez Díaz, Ramón e Solla Fernández, Eva

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da creación dun terceiro xulgado na vila de Redondela, así como a asunción do compromiso de ampliar a dotación de persoal e a cobertura das baixas e vacantes que se poidan producir nos dous xulgados existentes nela

BOPG nº 603, do 18.02.2016

-09/POC-007015 (47098)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Sánchez García, Antón, Vázquez Díaz, Ramón e Solla Fernández, Eva

Sobre as sentenzas xudiciais nas que se lle recoñece ao persoal funcionario dos servizos centrais da Xunta de Galicia o dereito ao cobramento íntegro dos complementos específicos recortados nas pagas extras do ano 2013

BOPG nº 603, do 18.02.2016

-09/POC-007029 (47164)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as deficiencias construtivas detectadas no novo edificio xudicial de Ourense e as súas repercusións para a seguridade e saúde dos traballadores e persoas usuarias, así como as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

BOPG nº 607, do 25.02.2016

-09/POC-007035 (47200)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, Ron Fernández, José Javier, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Sánchez García, Antón e Vázquez Díaz, Ramón

Sobre a información da Xunta de Galicia en relación cos despedimentos de traballadores producidos nos grupos de emerxencias supramunicipais da Fonsagrada e Guitiriz, así como a súa intención respecto da convocatoria da Comisión de seguimento mixta e paritaria prevista no actual convenio co fin de os deixar sen efecto

BOPG nº 607, do 25.02.2016

-09/POC-007047 (47253)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Méndez Romeu, José Luis, Vázquez Blanco, Emilio, Soneira Tajés, María Soledad, Docasar Docasar, Ricardo Vicente e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas que está a padecer o Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución da Oficina Xudicial da Coruña, a consecuencia da insuficiencia de persoal e da carencia dun sistema e de medios informáticos axeitados, así como a inexistencia dun libro de rexistro de todos os asentos dos xulgados

BOPG nº 607, do 25.02.2016

-09/POC-007056 (47282)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel, Baamonde Díaz, Agustín, Fariñas Sobrino, Hipólito, Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, Fernández Gil, César Manuel, Goldar Güimil, Jesús Antonio, Rodríguez Barreira, María Julia e Moreira Ferro, Jacobo

Sobre os obxectivos do programa de formación acordado pola Xunta de Galicia co Consello Xeral do Poder Xudicial para o ano 2016 e dirixido aos xuíces e maxistrados que prestan os seus servizos na comunidade autónoma

BOPG nº 607, do 25.02.2016

-09/POC-007057 (47283)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel, Baamonde Díaz, Agustín, Fariñas Sobrino, Hipólito, Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, Fernández Gil, César Manuel, Goldar Güimil, Jesús Antonio, Rodríguez Barreira, María Julia e Moreira Ferro, Jacobo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do proceso de implementación do sistema informático Lexnet na Administración de xustiza de Galicia

BOPG nº 607, do 25.02.2016

-09/POC-007058 (47284)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel, Baamonde Díaz, Agustín, Fariñas Sobrino, Hipólito, Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, Fernández Gil, César Manuel, Goldar Güimil, Jesús Antonio, Rodríguez Barreira, María Julia e Moreira Ferro, Jacobo

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto das conversas mantidas entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais para analizaren a viabilidade dun cambio de modelo de xestión dos consorcios provinciais de bombeiros

BOPG nº 607, do 25.02.2016

-09/POC-007070 (47338)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as noticias publicadas nun xornal dixital referidas ás posibles irregularidades denunciadas en relación coa empresa titular da páxina web dun partido político galego e os datos relativos aos contratos subscritos ou calquera outro tipo de relación da Xunta de Galicia con ela

BOPG nº 607, do 25.02.2016

-09/POC-007091 (47551)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta, Dorado Soto, Javier, Íñiguez Martínez, Jaime, Oubiña Solla, Rosa, Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e Tellado Filgueira, Miguel Angel

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da posta en marcha da tarxeta "Benvida", de achega de cen euros ao mes para os nenos que nazan a partir do 1 de xaneiro de 2016, e as outras medidas que vai levar a cabo ao abeiro do Programa de apoio á natalidade
BOPG nº 609, do 02.03.2016

-09/POC-007093 (46575)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para favorecer a chegada a Galicia de persoas refuxiadas, así como o incremento do número das que está en disposición de acoller ao longo do ano 2016

BOPG nº 598, do 10.02.2016

-09/POC-007094 (47588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, Soneira Tajés, María Soledad e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as sentenzas xudiciais nas que se lle recoñece ao persoal funcionario dos servizos centrais da Xunta de Galicia o dereito ao cobramento íntegro do complemento específico das pagas extras do ano 2013, e a valoración por parte do Goberno galego da posibilidade de desistir do recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo

BOPG nº 609, do 02.03.2016

-09/POC-007124 (47735)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a dispoñibilidade por parte do Goberno galego dalgún mecanismo para evitar que ás menores residentes en Galicia, cando viaxan aos seus países de orixe, se lles practique a mutilación xenital, así como a súa opinión respecto da aprobación dun protocolo galego para erradicar e previr a ablación feminina

BOPG nº 609, do 02.03.2016

-09/POC-007143 (47798)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no cumprimento do acordo parlamentario relativo á aprobación dun protocolo de actuación fronte ao acoso laboral na Administración pública galega, así como a media de tramitación e aprobación de protocolos similares

BOPG nº 614, do 10.03.2016

-09/POC-007144 (47809)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Vázquez Díaz, Ramón, Sánchez García, Antón, Fajardo Recouso, Juan Manuel e Solla Fernández, Eva

Sobre o anuncio de fusión dos concellos de Cotobade e Cerdedo, a existencia dalgún estudo das súas vantaxes e a súa coherencia en relación co mapa comarcal aprobado, así como os estudos nos que se basean as vantaxes do proceso de fusións que defende o Goberno galego e os prazos previstos para aprobar o seu desenvolvemento regulamentario

BOPG nº 614, do 10.03.2016

-09/POC-007152 (47859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Losada Álvarez, Abel Fermín, Gallego Lomba, José Manuel, Soneira Tajés, María Soledad, Docasar Docasar, Ricardo Vicente e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da declaración de Redondela como zona catastrófica, á vista dos danos ocasionados polo asolagamento o día 12 de febreiro de 2016, así como as actuacións que vai levar a cabo para o acollemento das que persoas quen non teñan unha cobertura dos danos nos seus bens

BOPG nº 614, do 10.03.2016

-09/POC-007153 (47863)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Sánchez García, Antón, Vázquez Díaz, Ramón, Fajardo Recouso, Juan Manuel e Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da revisión da Lei de seguridade cidadá e as subsecuentes contrarreformas do Código Penal co fin de garantir a súa conformidade co recollido no Pacto internacional de dereitos civís e políticos e a elaboración dun procedemento específico de implementación dos ditames do Comité de Dereitos Humanos, así como a garantía da aplicación do pacto en todo o ordenamento xurídico

BOPG nº 614, do 10.03.2016

-09/POC-007161 (47970)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da creación do colexio oficial de terapeutas ocupacionais de Galicia

BOPG nº 614, do 10.03.2016

-09/POC-007175 (48031)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a actuación policial durante a celebración do Entroido de Ourense

BOPG nº 614, do 10.03.2016

-09/POC-007181 (48051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a decisión de promover a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade, os datos referidos á elaboración de documentos que analicen os custos e beneficios desta medida, así como a realización de estudos da viabilidade, con carácter xeral no conxunto de Galicia, dun mapa de posibles fusións voluntarias de concellos e as previsións da Xunta de Galicia para resolver os problemas inherentes á fusión, no tocante á modificación dos partidos xudiciais da Estrada e Pontevedra

BOPG nº 614, do 10.03.2016

-09/POC-007182 (48053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente
Sobre os estudos realizados polo Goberno galego en relación coa fusión de municipios e os datos
ao respecto

BOPG nº 614, do 10.03.2016

-09/POC-007196 (48182)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Sánchez García, Antón, Vázquez Díaz,
Ramón, Fajardo Recouso, Juan Manuel e Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dos mecanismos de partici-
pación necesarios para a definición dun plan galego de dereitos humanos

BOPG nº 618, do 17.03.2016

-09/POC-007209 (48230)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Vázquez Díaz, Ramón, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Sánchez García,
Antón, Fajardo Recouso, Juan Manuel e Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non informar no portal da transparencia en relación coa
publicidade ou non das contratacións polo procedemento negociado, as previsións ao respecto e
os datos referidos ás contratacións negociadas no ano 2014 sen publicidade

BOPG nº 618, do 17.03.2016

-09/POC-007212 (48246)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre os plans ou medidas do Goberno galego para controlar e eliminar as taxas e sobrepresos de
produtos comerciais en función do xénero das persoas ás que van dirixidos, a incidencia en Galicia
da denominada ""taxa rosa"" e as súas repercusións nas consumidoras galegas

BOPG nº 618, do 17.03.2016

-09/POC-007217 (48301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, Soneira Tajés, María Soledad e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se considera indefinidos des-
continuos aos traballadores do Servizo de Prevención de Incendios Forestais que, con anterioridade
ao ano 2012, viñan reforzando o persoal fixo durante os meses de verán e a política de contratación
de persoal prevista pola Xunta de Galicia para reducir a temporalidade

BOPG nº 618, do 17.03.2016

-09/POC-007220 (48307)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Solla Fernández, Eva, Vázquez Díaz, Ramón,
Ron Fernández, José Javier e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da subcontratación pola Fundación Fesán da empresa
Gesán, semellante a ela en obxectivos e funcións e coa que comparte directivos

BOPG nº 618, do 17.03.2016

-09/POC-007221 (48309)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Solla Fernández, Eva, Vázquez Díaz, Ramón, Ron Fernández, José Javier e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do requisamento pola Policía Xudicial do contrato asinado polo Concello da Coruña no ano 2012 cunha empresa para a prestación servizos bibliotecarios a toda a rede de bibliotecas da cidade por un prazo de catro anos

BOPG nº 618, do 17.03.2016

-09/POC-007229 (48343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a sentenza do Tribunal Constitucional na que se declaran inconstitucionais varios artigos da lei Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local

BOPG nº 620, do 22.03.2016

-09/POC-007230 (48346)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre os informes do Consello de Contas de Galicia respecto da xestión da Fundación Fesán

BOPG nº 620, do 22.03.2016

-09/POC-007236 (48414)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións, as medidas específicas e o persoal destinado pola Xunta de Galicia á atención, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero

BOPG nº 620, do 22.03.2016

-09/POC-007251 (48515)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación coa situación das persoas galegas que se atopan na cadea en países estranxeiros

BOPG nº 620, do 22.03.2016

-09/POC-007252 (48524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Burgo López, María Concepción, Soneira Tajés, María Soledad, Docasar Docasar, Ricardo Vicente e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o número de cursos de formación convocados en Xustiza nos últimos sete anos e a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das convocatorias de cursos superiores de linguaxe xurídica galega, na modalidade de teleformación, realizadas nese período

BOPG nº 620, do 22.03.2016

-09/POC-007262 (48582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os problemas existentes para realizar as inscricións en lingua galega no Rexistro Civil a través do programa informático Inforeg e as xestións que vai levar a cabo o Goberno galego diante do Ministerio de Xustiza ao respecto

BOPG nº 620, do 22.03.2016

-09/POC-007282 (48728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a información e a opinión do Goberno galego en relación coas restricións de uso de simboloxía galega que se están a producir nos recintos deportivos, así como as actuacións previstas para o seu levantamento

BOPG nº 623, do 30.03.2016

-09/POC-007287 (48751)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva

Sobre a agresión homófoba padecida por un cidadán no mes de febreiro de 2016 nun establecemento comercial de Santiago de Compostela

BOPG nº 623, do 30.03.2016

-09/POC-007293 (48793)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Solla Fernández, Eva, Ron Fernández, José Javier, Vázquez Díaz, Ramón e Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre os criterios xerais seguidos pola Xunta de Galicia en relación coa fusión dos concellos de Cotoade e Cerdedo

BOPG nº 626, do 06.04.2016

-09/POC-007305 (48863)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a información e as actuacións previstas polo Goberno galego respecto da precariedade de medios humanos e materiais existente no Instituto de Medicina Legal de Galicia, en concreto nos equipos encargados da emisión de informes psicosociais en materia de familia, así como a demora que se está a rexistrar en Santiago de Compostela na súa emisión

BOPG nº 626, do 06.04.2016

-09/POC-007306 (48867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Sánchez Bugallo, José Antonio, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a información do Goberno galego respecto da situación de saturación en que se atopa a xurisdición do Social en Galicia e a demora que se está a producir nalgúns dos tres xulgados do Social de Santiago de Compostela para que haxa un xuízo

BOPG nº 626, do 06.04.2016

-09/POC-007307 (48871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Vázquez Blanco, Emilio, Méndez Romeu, José Luis, Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a información do Goberno galego respecto da situación de saturación en que se atopa a xurisdición do Social en Galicia e a demora que se está a producir nalgúns dos cinco xulgados do Social da Coruña para que haxa un xuízo

BOPG nº 626, do 06.04.2016

-09/POC-007308 (48875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Vázquez Blanco, Emilio, Méndez Romeu, José Luis, Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a información do Goberno galego respecto da situación de saturación en que se atopa a xurisdición do Social en Galicia e a demora que se está a producir nalgúns dos cinco xulgados do Social da Coruña para que haxa un xuízo

BOPG nº 635, do 20.04.2016

-09/POC-007316 (48970)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Sánchez Bugallo, José Antonio, Acuña do Campo, María Carmen, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a información do Goberno galego en relación coa situación de saturación na que se atopa a xurisdición do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, en concreto os tres xulgados dese ámbito existentes na cidade, nomeadamente, no tocante ao Sergas

BOPG nº 626, do 06.04.2016

-09/POC-007317 (48975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a información do Goberno galego respecto dos problemas xurdidos con motivo da implantación das notificacións telemáticas a través do sistema Lexnet na Administración de xustiza e a súa posición respecto do establecemento dun período transitorio no que se poida simultanear a presentación telemática coa realizada en papel, así como a constitución de comisións de seguimento para garantir o dereito á tutela xudicial efectiva e á seguridade xurídica

BOPG nº 626, do 06.04.2016

-09/POC-007318 (48979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, Soneira Tajés, María Soledad, Docasar Docasar, Ricardo Vicente e Val Alonso, José Ramón

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da relación de postos de traballo do Servizo de Gardacostas de Galicia para a creación dos postos de segunda actividade, a convocatoria no ano 2016 do proceso de consolidación do persoal interino, así como de procesos selectivos para o acceso ao corpo de gardacostas, e a solicitude de inclusión deste colectivo no réxime da Seguridade Social do Mar

BOPG nº 626, do 06.04.2016

-09/POC-007334 (49067)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Vázquez Díaz, Ramón, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Sánchez García, Antón, Fajardo Recouso, Juan Manuel e Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora e as intencións do Goberno galego respecto da constitución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia previsto na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración

BOPG nº 631, do 14.04.2016

-09/POC-007338 (49086)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á subvención de programas para a atención e formación en corresponsabilidade nos centros de información ás mulleres

BOPG nº 631, do 14.04.2016

-09/POC-007339 (49089)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á xestión da illa de San Simón como centro de recuperación da memoria histórica

BOPG nº 631, do 14.04.2016

-09/POC-007345 (49138)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo e Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre a demanda que vai realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación co acceso dos deputados galegos ás penitenciarías, así como ás persoas internas nelas

BOPG nº 631, do 14.04.2016

-09/POC-007390 (49461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización de xestións diante do Goberno central e da empresa concesionaria da autoestrada AP-9 para a eliminación da toponimia oficial deturpada que figura nos paneis informativos instalados antes da saída 119 (AG-41, Cambados, Sanxenxo, O Grove)

BOPG nº 635, do 20.04.2016

-09/POC-007399 (49516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre os datos referidos aos gastos de publicidade e propaganda realizados pola Xunta de Galicia a través dos distintos organismos e entidades do sector público nos anos 2013, 2014, 2015 e 2016, os criterios seguidos e as previsións ao respecto

BOPG nº 635, do 20.04.2016

-09/POC-007406 (49585)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgún plan ou medidas concretas para garantir os dereitos, a integración e a infancia das persoas menores transexuais, as actuacións educativas que se están a desenvolver para empoderalas e as medidas sanitarias que se están a adoptar, así como as de carácter administrativo que se están a implementar para axilizar os trámites no seu cambio de xénero

BOPG nº 635, do 20.04.2016

-09/POC-007409 (49609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade dos servizos comúns procesuais na oficina xudicial e a consignación dalgunha partida específica para ese fin nos orzamentos do ano 2016, así como a elaboración dalgún borrador de decreto para a súa implantación en toda Galicia e, sé e o caso, o prazo previsto ao respecto

BOPG nº 635, do 20.04.2016

-09/POC-007446 (49825)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a situación en que se atopa a implantación do visor do expediente xudicial electrónico nos xulgados galegos e as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa extensión a todas as sedes xudiciais galegas ao longo do ano 2016

BOPG nº 640, do 04.05.2016

-09/POC-007460 (49943)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, Gallego Lomba, José Manuel, Soneira Tajés, María Soledad e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre o procedemento seguido, as exixencias técnicas e o cumprimento dos criterios establecidos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na cobertura por Portos de Galicia da xefatura da Área de Portos Deportivos

BOPG nº 640, do 04.05.2016

-09/POC-007480 (50021)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, Vilán Lorenzo, Patricia, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre os reforzos dos xulgados de familia que está a levar a cabo o Goberno galego, a formación específica en menores que ten o persoal dos equipos xudiciais ou psicosociais e a existencia no Instituto de Medicina Legal de Galicia de servizos de garda de psicoloxía, así como os datos referidos ás salas habilitadas nos xulgados para gravar e observar os testemuños dos menores ou, se é o caso, as previsións ao respecto

BOPG nº 640, do 04.05.2016

-09/POC-007503 (50200)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Ron Fernández, José Javier, Vázquez Díaz, Ramón e Solla Fernández, Eva

Sobre as condicións e motivacións do pagamento de cada un dos gastos realizados baixo a fórmula de contrato menor, dende a entrada en vigor da Lei de transparencia e bo goberno

BOPG nº 642, do 11.05.2016

-09/POC-007504 (50202)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Ron Fernández, José Javier, Vázquez Díaz, Ramón e Solla Fernández, Eva

Sobre a información que está a ofrecer o Portal da Transparencia en relación coa adxudicación de contratos menores

BOPG nº 642, do 11.05.2016

-09/POC-007521 (50301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, Acuña do Campo, María Carmen, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción dun polideportivo na parroquia de Seixo, no concello de Marín, nos terreos cedidos no seu día polos veciños para un novo campo de fútbol, e as datas estimadas para a licitación, adxudicación e inicio das obras, así como os datos referidos ao orzamento que se vai destinar no ano 2016 para ese fin

BOPG nº 646, do 19.05.2016

-09/POC-007525 (50339)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as razóns e a opinión do Goberno galego respecto do tempo que está a permanecer no Portal da transparencia a información referida á adxudicación de contratos menores

BOPG nº 646, do 19.05.2016

-09/POC-007529 (50383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do inicio dun proceso de democratización da Garda Civil, así como dun axeitado dimensionamento da súa presenza en Galicia
BOPG nº 646, do 19.05.2016

-09/POC-007543 (50472)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Vázquez Díaz, Ramón, Solla Fernández, Eva, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Sánchez García, Antón e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento do previsto no Estatuto de autonomía de Galicia, así como no artigo 42 da Constitución española, no referido á orientación da política ao retorno dos traballadores que residen no estranxeiro, as políticas que vai levar a cabo e o orzamento que vai destinar para ese fin

BOPG nº 646, do 19.05.2016

-09/POC-007544 (50480)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, Losada Álvarez, Abel Fermín, Gallego Lomba, José Manuel, Gallego Calvar, María Carmen, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as razóns da Central de Emerxencias 112 para non autorizar a participación dos bombeiros de Vigo e Pontevedra na extinción do incendio da factoría da empresa Fandicosta, en Moaña, as actuacións levadas a cabo para ese fin e as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación dos protocolos aplicados neste tipo de incidencias

BOPG nº 646, do 19.05.2016

-09/POC-007546 (50530)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Vázquez Díaz, Ramón, Solla Fernández, Eva, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Sánchez García, Antón e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia da reforma da Lei electoral nos dereitos electorais das persoas galegas residentes no estranxeiro, as medidas que está a impulsar para defendelos e as súas previsións verbo da demanda da modificación da Lei orgánica de réxime electoral xeral para lles garantir a súa participación nos procesos electorais, en plenas condicións de igualdade cos galegos residentes en Galicia

BOPG nº 646, do 19.05.2016

-09/POC-007547 (50531)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Vázquez Díaz, Ramón, Solla Fernández, Eva, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Sánchez García, Antón e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para promover a lingua e a cultura galegas no estranxeiro, as súas previsións en relación co incremento dos recursos destinados ás institucións galegas no estranxeiro que teñen esa finalidade, así como as medidas adoptadas para lles garantir ás persoas galegas residentes no estranxeiro, durante as súas viaxes temporais a Galicia, o acceso aos servizos públicos en igualdade de condicións cos do resto dos galegos

BOPG nº 646, do 19.05.2016

-09/POC-007549 (50538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Rodas Chapela, Daniel

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da actuación dos servizos de emerxencia ante o incendio producido na factoría da empresa Fandicosta, en Moaña, a súa opinión en relación co funcionamento do protocolo de actuación nestes casos e as actuacións levadas a cabo e previstas ao respecto

BOPG nº 646, do 19.05.2016

-09/POC-007553 (50566)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, Ron Fernández, José Javier, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Sánchez García, Antón, Solla Fernández, Eva e Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as razóns das deficiencias detectadas na xestión dos operativos de emerxencias con motivo do incendio producido na factoría da empresa Fandicosta, en Moaña

BOPG nº 646, do 19.05.2016

-09/POC-007555 (50569)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, Ron Fernández, José Javier, Fajardo Recouso, Juan Manuel, Sánchez García, Antón, Solla Fernández, Eva e Vázquez Díaz, Ramón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das deficiencias detectadas na coordinación da atención á emerxencia do incendio da empresa Fandicosta, en Moaña

BOPG nº 646, do 19.05.2016

-09/POC-007560 (50611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, Losada Álvarez, Abel Fermín, Gallego Calvar, María Carmen, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos protocolos de actuación existentes en materia de emerxencias, as razóns da Central de Emerxencias 112 para non autorizar a participación dos bombeiros de Vigo e Pontevedra na extinción do incendio da factoría da empresa Fandicosta, en Moaña, e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

BOPG nº 649, do 25.05.2016

-09/POC-007563 (50629)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés, Baamonde Díaz, Agustín, Fariñas Sobrino, Hipólito, Fernández Gil, César Manuel, Goldar Güimil, Jesús Antonio, Moreira Ferro, Jacobo, Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, Rodríguez Barreira, María Julia, Tellado Filgueira, Miguel Angel e Pérez Hernández, Berta

Sobre o grao de expedición da tarxeta Kronos na Administración xeral e nas entidades instrumentais do sector público autonómico, o tipo de información que facilita e a incidencia deste sistema na supresión de trámites que aínda se están a realizar en papel, así como o impacto da súa implantación no conxunto do sector público autonómico

BOPG nº 649, do 25.05.2016

-09/POC-007566 (50646)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, Beiras Torrado, Xosé Manuel, Vázquez Díaz, Ramón, Ron Fernández, José Javier, Fajardo Recouso, Juan Manuel e Solla Fernández, Eva

Sobre determinadas actuacións nos concellos levadas a cabo polo delegado provincial da Xunta de Galicia na Coruña

BOPG nº 649, do 25.05.2016

-09/POC-007567 (50648)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión do incendio da factoría de Fandicosta, en Moaña, a súa intención no tocante á revisión e modificación do vixente protocolo de emerxencias de Galicia, así como a súa valoración respecto do actual sistema de emerxencias

BOPG nº 649, do 25.05.2016

-09/POC-007576 (50708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, García García, Pablo, Soneira Tajés, María Soledad, Blanco Rodríguez, Noela e Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central de mantemento do partido xudicial da Estrada

BOPG nº 653, do 02.06.2016

-09/POC-007618 (50994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, Jorquera Caselas, Francisco Xesús e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego e as demandas realizadas ao Goberno central para garantirlles aos traballadores galegos embarcados en augas fóra do Estado o exercicio do dereito ao voto nos vindeiros procesos electorais, a súa avaliación en relación coa aplicación da normativa vixente na materia e os datos referidos aos colectivos e persoas galegas que non poden exercer ese dereito

BOPG nº 656, do 08.06.2016

-09/POC-007638 (51156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a información do Goberno galego en relación co conflito laboral existente nas delegacións do Instituto Nacional de Estatística en Galicia e as actuacións previstas para garantir o normal desenvolvemento do proceso electoral e do voto por correo das eleccións xerais do 26 de xuño

BOPG nº 656, do 08.06.2016

-09/POC-007689 (51646)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo e Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da autorización da visita das deputadas e dos deputados galegos ás penitenciarías existentes en Galicia
BOPG nº 666, do 29.06.2016

-09/POC-007696 (51684)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier, Vázquez Díaz, Ramón, Solla Fernández, Eva, Sánchez García, Antón, Fajardo Recouso, Juan Manuel e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da elección do procedemento de libre designación para a cobertura de setenta e sete postos de traballo do Consello de Contas de Galicia e as previsións respecto da convocatoria de concursos específicos para ese fin

BOPG nº 666, do 29.06.2016

-09/POC-007704 (51508)

Pérez Sueiras, Rubén

Pregunta de iniciativa popular sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a prohibición do acceso das persoas menores de 12 anos ás touradas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

-09/POC-006607 (44966)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio, Fernández Fernández, Raúl e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre os datos referidos á tramitación do expediente das obras de reurbanización da rúa Carreira do Conde, en Santiago de Compostela

BOPG nº 578, do 29.12.2015

-09/POC-006634 (45255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime, Freire Abeijón, José Santiago, Goldar Güimil, Jesús Antonio, Gómez Alonso, Alejandro, Mouriño Villar, Antonio, Nóvoa López, Enrique, Santos Regueiro, José Francisco, Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís e Baamonde Díaz, Agustín

Sobre as previsións en materia de rehabilitación para a Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago

BOPG nº 586, do 21.01.2016

-09/POC-006640 (45293)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e Vázquez Blanco, Emilio

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia dos datos relativos á actividade do porto da Coruña, e as medidas previstas para a súa recuperación e diversificación

BOPG nº 586, do 21.01.2016

-09/POC-006643 (45297)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente, Fernández Fernández, Raúl, Vilán Lorenzo, Patricia e Sánchez Bugallo, José Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da mellora da seguridade de determinadas rotondas e vías en Monforte de Lemos

BOPG nº 586, do 21.01.2016

-09/POC-006664 (45375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Fernández Fernández, Raúl e Sánchez Bugallo, José Antonio

Sobre o estado de elaboración do censo da poboación de lobo en Galicia, os seus resultados definitivos, así como os do rematado polo Ministerio de Medio Ambiente en febreiro de 2015

BOPG nº 586, do 21.01.2016

-09/POC-006681 (45445)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

